AVALIACIÓN NA E.S.A.

O alumnado dos módulos I e III, terán unha proba EXTRAORDINARIA a finais de abril dos ámbitos que teñan pendentes dos módulos I-III.

Os exames desta avaliación faranse os días 26, 27 e 28 de abril. O día da avaliación será o xoves día 29 de abril, ás 16:30 horas para o módulo I e ás 17:00 horas para o módulo III.

Módulos II (nivel I)/IV(nivel II)

Período: 8 de febreiro ao 23 de xuño.

1ª avaliación: Xoves, 25 de marzo.
Módulo II ás 16:30 horas.
Módulo IV ás 17:00 horas.

Avaliación final ordinaria: Xoves, 10 de xuño.
Módulo II ás 16:30 horas.
Módulo IV ás 17:00 horas.

En xuño, para o alumnado que non obteña unha cualificación positiva dos ámbitos dos módulos II e IV, poderán establecerse probas finais de recuperación globais que se celebrarán xunto coas datas dos exames finais para aqueles/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua por número de faltas.

A perda de avaliación continua darase nos seguintes casos: cando nun ámbito o número de faltas de asistencias sen xustificar supere o 10% do horario establecido, e en todos os ámbitos cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido.

Estes alumnos terán outra proba EXTRAORDINARIA no mes de setembro dos ámbitos que teñan pendentes dos módulos II-IV.

aula+sostíbel

Ampliación da recollida selectiva de lixo coa participación do alumnado

Precisamos mellorar a recollida selectiva dos residuos que producimos no instituto; dispoñemos de novos colectores papel/cartón (**AZUL**) e envases (**AMARELO**).

Proponse unha actividade para que cada aula participe elaborando a súa proposta que inclúa os seguintes puntos:

1.- Elaboración dun **lema** para animar a separar ben o lixo (p.e., nos colectores azuis da rúa lese: *"o teu papel é importante"*).

2.- Debuxo dunha **mascota** relacionada coa separación do lixo, a **R**eciclaxe, a **R**edución de envases e a **R**eutilización de materiais.

3.- Unha **frase motivadora** para cada tipo de colector (pode levar unha rima…):

4.- Unha proposta (sinxela e ben explicada) para que o alumnado se encargue durante os recreos de baleirar os colectores **AZUL** e **AMARELO** das aulas e corredores. Así **corresponsabilizámonos** e non cargamos ao persoal de limpeza con novas tarefas pois xa se encargan das papeleiras e outros colectores .

5.- Outras **suxestións** para:

- Mellorar a recollida selectiva e motivar a separar ben
- Reducir a cantidade de residuos que producimos

Coas propostas recibidas elaboraremos un cartaz explicativo (lema, mascota e 3 frases) para colocar con cada grupo de colectores, e organizaremos o baleirado coa participación do alumnado. Se se deseña ben, cada alumno ou grupo de alumnos/as só o fará unha ou dúas veces no curso.

Outorgarase ata un máximo de ***6 puntos*** por cada un dos apartados (30 puntos totais) acumulábeis para o concurso da **aula+sostíbel**.

O prazo para participar e ata o venres 9 de abril de 2010.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 7

Marzo—2010

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

TITULACIÓN E PROMOCIÓN EN BACHARELATO

No último claustro de profesores/as celebrado o 25 de febreiro de 2010 aprobouse unha modificación no proxecto educativo do centro en relación á *titulación e promoción en Bacharelato*. Dita modificación recóllese a continuación.

9.7.2. Bacharelato.

9.7.2.1. Promoción.

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente en primeiro de Bacharelato deberá cursalas ao longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

9.7.2.2. Permanencia dun ano máis nun mesmo curso.

O alumnado poderá permanecer cursando Bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.

O alumnado que suspenda en 1º de bacharelato máis de dúas materias, cursará de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias.

O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nunha ou máis materias, poderá matricularse destas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas.

O alumnado que estea nas circunstancias do punto anterior, poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, sen ter que ser avaliado nestas, e deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo. A dirección consultará cos departamentos didácticos implicados a conveniencia ou non desa autorización

9.7.2.3. Titulación.

Para obter o ***título de bacharel*** será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

A nota media do Bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias que configuran a modalidade cursada, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá aplicar todo o relacionado coa titulación e promoción recollido na ***Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*** (D.O.G. Nº 124, 27-xuño-2008) e na ***Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen medidas para facer efectiva a aplicación da sentenza do 2 de febreiro de 2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción en primeiro de bacharelato*** (D.O.G. Nº 150, 3-agosto-2009).

BIBLIOTECA ESCOLAR

CONCURSO ANUNCIADOR DA SEMANA DA TERRA E DO LIBRO

Convócase un concurso para elixir o mellor cartel anunciador da ***semana da Terra e do Libro*** que se vai celebrar entre o 19 e o 23 de abril e dedicada ao escritor

Uxío Novoneira.

BASES:

Formato: Papel, tamaño entre A3 e A4 ambos os dous incluídos e técnica libre aínda que se valorará a creatividade e o esforzo.

Temática: Como é lóxico, versará sobre os dous motivos da conmemoración, a Terra e o Libro e combinando co escritor a quen se lle dedica, Uxío Novoneira. Cómpre salientar que este autor era do Caurel e a paisaxe é unha temática moi presente na súa obra.

Premios:

•O ***cartel gañador*** obterá un premio dun **lote de libros** e un vale de **40€ en material educativo ou deportivo**.

•O ***segundo clasificado*** obterá un **lote de libros** e vale de **20€ en material educativo ou deportivo.**

•Tamén haberá puntos para o concurso da **aula+sostíbel**:

Aula do gañador: 10 puntos.
Aula do segundo clasificado: 5 puntos.
Aula que máis propostas presente: 10 puntos.

Presentación: os traballos serán presentados baixo plica, isto é, o cartel identificado cun título ou lema, e un sobre pechado co mesmo título ou lema escrito por fóra e dentro, un papel co nome e curso do alumno ou alumna. (***PODEDES PEDIR EN DIRECCIÓN SOBRES PARA REUTILIZALOS***).

Prazo e lugar: Ata o luns 12 de abril na propia biblioteca.